

Axudas a usuarios gratuítos e semi-gratuítos do Comedor Escolar debido á crise do Coronavirus

No DOG do luns 30 de marzo publícase a ORDE do 27 de marzo 2020 pola que se establecen as bases reguladoras das axudas de carácter directo ás familias do alumnado beneficiario de bolsas de comedor escolar nos centros públicos non universitarios xestionados pola Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional, durante a situación de suspensión do servizo de comedor como consecuencia do COVID-19

1. A que familias vai dirixido?

Ás familias do alumnado que durante o curso escolar teñen **comedor gratuito ou semigratuito**

2. En que consiste a axuda?

As axudas económicas previstas consisten nunha compensación do custo diario do servizo de comida ao mediodía por comensal e polos días lectivos de suspensión do comedor como consecuencia das medidas adoptadas pola pandemia do COVID-19.

3. Que axuda se vai a percibir?

(2,50 €) no caso de alumnado gratuidade total

(1,50 €) para o alumnado que paga 1€

4. Que días cubre esta axuda?

Marzo: dende o día 16 ata o 31 de marzo: en total 11 días lectivos.

Abril: dende o 1 ó 3 de abril: en total 3 días.

Prórroga: de alargarse outros 15 días cubriría os días lectivos ata o 1 de maio (non incluído por ser festivo)

5. Como se vai a pagar?

En dous pagamentos.

1º pagamento: polo período de marzo e abril ata semana santa (3 abril).

2º pagamento: se se prorroga unha terceira situación de alarma ata o 1 de maio.

6. Como presentar a solicitude e que prazo hai?

Prazo: dende o **martes día 31 de marzo ata o luns 6 de abril**, ambos incluídos.

Presentación polas seguintes vías:

6.1. Sede electrónica da Xunta de Galicia, cubrindo a solicitude correspondente no enderezo <https://sede.xunta.gal> Para acceder é necesario ter certificado dixital, ou a chave 365.

6.2. Centro educativo:

- a) Enviando un **correo electrónico** a ies.ribadeo@edu.xunta.es cos seguintes datos:
- Nome do solicitante (pai/nai....) e fotocopia ou foto do DNI
 - Pagamento que realizaba: gratuidade total ou abono de 1€
 - Nome do alumno/a indicando o seu curso e grupo
 - Número de conta bancaria: IBAN e 20 díxitos

b) Chamando ao 982870666 en horario de 10:00 a 13:00hs e comunicando os datos ata o día 3 de abril.

7.Canto tempo tarda en resolverse a resolución?

10 días, dende que finalice o prazo de presentación de solicitudes.

8.Canto tempo tarda a Xunta de Galicia en aboar o pagamento?

5 días dende que saia a resolución.